

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS PARA A EXHIBICIÓN NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA DA PEZA ARTÍSTICA BASEADA NO AUDIOVISUAL E NA REALIDADE VIRTUAL, DENOMINADA “CARNE Y ARENA”.**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

### REUNIDOS

Dunha parte, dona Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio social no Gaiás - Cidade da Cultura de Galicia, con NIF G15721640, cargo para o que foi nomeada o día 16 de decembro de 2016, actuando no exercicio do seu cargo en función das atribucións que lle confire o Padroado da dita Fundación, acordo elevado a escritura pública en data de 19 de decembro de 2016, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Héctor R. Pardo García, co núm. do seu protocolo 1.689.

Doutra parte Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con NIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Agadic de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega, ao obxecto de promover a orientación ao mercado das empresas, mellorar a viabilidade dos seus proxectos, achegar recursos propios e aumentar o peso relativo do sector no sistema produtivo galego. (artigo 5.c), da Lei 4/2008).



Para o logro dos seus obxectivos, a Agadac poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

**Segundo.-** Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, Fundación) foi constituída como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”. Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

A Fundación ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico. Segundo o artigo 6 dos estatutos constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

[...] b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.[...]*

e) *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.[...]*

[...] g) *As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.*

h) *As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.*



**Terceiro.-** Que a Fundación contempla no artigo nº 7 do seus estatutos as actividades fundacionais para a consecución dos seus fins. Entre estas actividades se contempla:

a) *As necesarias para converterse nun **actor clave na difusión cultural**, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*

b) *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con **especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías**.*

E precisamente o uso de novas tecnoloxías aplicadas ao desenvolvemento cultural o que guía a presente contratación dunha peza artística baseada no audiovisual e na realidade virtual, que é autoría do recoñecido cineasta internacional Alejandro González Iñárritu baixo o título *Carne y Arena*, e que se presentou por primeira vez no 70º Festival de Cine de Cannes como o primeiro proxecto de realidade virtual na historia do célebre festival de cinema.

A autoría e materialización desta instalación artística de realidade cumpre cos fins da Fundación, tamén recollidas nas actividades fundacionais do artigo nº 7 dos estatutos, apdo.:

f) *As axeitadas para **posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural**, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.*

Alejandro G. Iñárritu é un cineasta, guionista, produtor, locutor e compositor mexicano, ganador de catro Premios Óscar. É un dos cineastas mexicanos máis aclamados e recoñecidos do panorama actual, coñecido por contar historias conmovedoras e internacionais sobre a condición humana. O seus proxectos son de grande éxito e recibiron numerosos galardóns e premios internacionais.

A instalación conceptual de realidade virtual e exposición de Alejandro G. Iñárritu *Carne y Arena* explora a condición humana das persoas inmigrantes e aos refuxiados, baseada en relatos reais, as liñas superficiais entre suxeito e espectador difumínanse ata mesturarse, permitindo aos individuos pasear por un vasto espazo e experimentar na profundidade un fragmento das viaxes persoais dos refuxiados. Unha inmersiva experiencia na que volven a coincidir Iñárritu e Emmanuel Lubezki, colaboradores frecuentes, así como a produtora Mary Parent e ILMxLAB.

*Carne y Arena* é unha travesía de quince minutos para unha persoa que xira en torno a unha secuencia de realidade virtual experimentada por tres visitantes simultáneos en salas separadas que utiliza tecnoloxía inmersiva de vangarda para crear un espazo multinarrativo de luz con personaxes humanos. Durante o desenvolvemento deste proxecto o autor tivo o privilexio de coñecer e entrevistar a moitos inmigrantes e refuxiados mexicanos e centroamericanos. Alejandro G. Iñárritu relata que as súas historias de vida o perseguían e que invitou a algún deles a colaborar no seu proxecto. A súa intención é experimentar coa tecnoloxía de realidade virtual para explorar a condición humana nun intento de romper coa ditadura do encadre, dentro do calas as cousas solo se observan, e reclama o espazo para permitirlle así ao visitante unha experiencia directa, camiñando nos pés do inmigrante, por debaixo da súa pel e dentro do seu corazón.

O punto de vista da autoría, e a reflexión sobre a problemática internacional dos refuxiados, está especialmente latente no momento presente que estamos vivindo en Europa. Esta experiencia inmersiva plasma tamén un camiño, unha ruta de dura peregrinación aos lugares que os exiliados



identifican coa liberdade e a prosperidade pero chea de dificultades que sitúan aos seus protagonistas en situacións límite de supervivencia e esforzo. A realización dunha dificultosa ruta para acadar un fin vital e/ou existencial relaciona a temática deste proxecto con varios fundamentos conceptuais que guían aos peregrinos dos itinerarios xacobeos nos que se ven reflectidos estes valores universais de camiñar en pos de acadar un obxectivo vital e existencia, non exento de sufrimento e renuncia persoal. Neste senso a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten como obxectivo principal para o ano Xacobeo 2021-22 xerar actuacións en relación cos fenómenos da peregrinación e do Camiño de Santiago.

Asimismo, a contratación de Carne y Arena e a súa exhibición no Gaiás, conlevará a realización dunha actividade de gran impacto cultural, que redundará no incremento de visitantes á Cidade da Cultura de Galicia e nunha grande repercusión mediática da actividade, única en canto temática, que permitirá trasladar a imaxe da Cidade da Cultura de Galicia alén das fronteiras da nosa comunidade, e porá en valor o complexo do Monte Gaiás como infraestrutura cultural e artística, e de difusión do patrimonio cultural.

A experiencia de realidade virtual inmersiva Carne y Arena foi coproducida por PHI ESTUDIO Inc., en colaboración con Emerson Collective LLC e Legendary Pictures Production LLC., e a súa autoría ten orixe en Alejandro González Iñárritu.

Non obstante o anterior, PHI ESTUDIO Inc., concede a **Arte en Movimiento S.L., empresa galega**, o dereito exclusivo a presentar a experiencia de realidade virtual e exposición "Carne e Arena" en España e Portugal durante o período comprendido entre o 18 de febreiro de 2022 e 17 de febreiro de 2024.

**Cuarto.**-A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico sinala no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Sinala ademais que a colaboración ou cooperación será compatible coa compensación dos custos reais en que unha das partes incorrese.

Tendo en conta o anterior, a AGADIC e a FUNDACIÓN, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento destas actividades, e a tal fin acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes



## CLÁUSULAS

### 1ª- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a AGADIC e a FUNDACIÓN, para a **A EXHIBICIÓN NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA DA PEZA ARTÍSTICA BASEADA NO AUDIOVISUAL E NA REALIDADE VIRTUAL, DENOMINADA “CARNE Y ARENA”**.

### 2ª- Financiamento das actividades.

AGADIC comprométese a financiar CEN MIL EUROS (100.000,00 €). Esta achega será obxecto de retención de crédito, para a súa posterior baixa na aplicación orzamentaria **10 A1 432B 770 0 do proxecto 2015 00003**, dos orzamentos da Agadic para o ano 2022.

Este importe será ampliado no orzamento da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, previa a correspondente modificación das transferencias de financiamento da Agadic a favor da Fundación Cidade da Cultura de Galicia no ano 2022.

### 3ª- Previsións de desenvolvemento

A colaboración derivada desde acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

### 4ª- Modificación, denuncia e resolución do acordo

As partes poderán modificar ou resolver o presente acordo en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente acordo en calquera momento, por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de dez días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente acordo por unha das partes facultará ás outras para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

### 5ª- Comisión de seguimento



Para o desenvolvemento e bo fin deste acordo de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do acordo. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión de Seguimento do presente convenio estará integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste convenio. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Agadic.

## 6ª- Protección de datos

### 1. Tratamento de datos persoais das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervinientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

### 2. Deber de confidencialidade das partes intervinientes no convenio

As partes intervinientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;



- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de producción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

### **7ª- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente acordo, e non solucionadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

### **8ª- Vixencia**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto e, en todo caso, antes da finalización do actual exercicio económico.

### **9ª- Publicidade**

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consentem na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados.

**Pola Fundación Cidade da Cultura**

**Pola Axencia Galega das Industrias  
Culturais**

<b>Ana Isabel Vázquez Reboredo Directora-Xerente</b>	<b>Jacobo Sutil Nesta Director</b>
--	--

